



## O xurado do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia comeza a revisión dos traballos presentados

**Santiago, 18 de maio de 2015.-** Os membros do Xurado do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia celebraron esta mañá a primeira reunión encamiñada a seleccionar aos gañadores do certame.

Na xuntanza de hoxe, os membros do xurado recibiron copia, en soporte dixital, dos traballos presentados a concurso para proceder ao seu visionado. A finais deste mes de maio celebrarán unha nova reunión na que se fará público o fallo do xurado.

Na actual edición revisaranse 73 traballos, elaborados por 292 alumnos. A selección inicial foi efectuada en cada centro escolar, xa que cada clase só pode presentar un único traballo e cada colexio ou instituto un máximo de cinco.

As bases da convocatoria do Concurso Escolar 2014-2015 do Parlamento de Galicia fixan tres modalidades diferentes: educación infantil e especial, educación primaria e educación secundaria. Os traballos -que nesta edición versan sobre aspectos relacionados coa Igualdade- deben ter sido elaborados, obligatoriamente, por un grupo de catro alumnos, esixencia orientada a incentivar o traballo en equipo. Cada grupo tivo liberdade para elixir a técnica a empregar: deseño dunha camiseta, relato curto, fotografías, vídeo ou video xogo.

### Xurado institucional

O xurado do Concurso Escolar do Parlamento de Galicia está integrado por:

- Miguel Santalices Vieira, vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia. Preside o xurado.



- María Concepción Burgo López, vicesecretaria do Parlamento de Galicia.
- María Soledad Piñeiro Martínez, presidenta da Comisión 4ª, Educación e Cultura, en representación da presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera.
- Vicente Docasar Docasar, deputado do Grupo Socialista, en representación de María Soledad Soneira Tajes, vicepresidenta 2º do Parlamento de Galicia.
- Moisés Blanco Paradelo, deputado do Grupo Popular (que desculpou a asistencia), en representación de José Manuel Balseiro Orol, secretario da Mesa do Parlamento.
- Xosé Manuel Rosales Noves, profesor designado polo Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.